



Mirada penetrante

Os soños de nosos pais

Os nosos pais e as persoas que nos queren de verdade soñan cousas boas para nós.



Oídos atentos

O Reino, a realidade do noso soño

Deus quere que se fagan realidade os desexos do pobo de Israel e da humanidade. A través dos profetas promete que El virá a reinar no mundo e sobre a Creación.

■ 1 ■ A promesa do Reino



- *Xulgará os peitos entre numerosos pobos... Non levantará a espada un pobo contra outro nin aprenderán de novo a facer a guerra. Reunirá os inválidos, congregará os dispersos... e fará un pobo poderoso. O Señor será rei... dende agora e para sempre. (Miq 4,3-7)*
- *Velaí o voso Deus...chega e salvaravos. Abriranse os ollos dos cegos e os oídos dos xordos destaparanse. O coxo saltará coma un corzo, a lingua do mudo cantará xubilosa, sairá á luz auga no deserto. (Is 35,4-6)*

■ 2 ■ Con Xesús chega o Reino de Deus

Aos trinta anos, Xesús deixa a súa vida de familia e traballo en Nazaré, é bautizado no río Xordán por Xoán o Bautista e empeza a percorrer os pobos de Palestina anunciando o Reino de Deus. Isto é o centro da predicación de Xesús: a Boa Nova que nos trae.



Xesús foi a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus, dicindo:

Con este anuncio Xesús proclama que o Reino de Deus, anunciado polos profetas, empeza a cumprirse. Nas súas palabras, nas súas obras e conduta, na súa mesma persoa chegaba o Reino de Deus. Xesús é, El mesmo, o Reino de Deus. Acoller a Xesús é acoller o Reino de Deus.



O sábado entrou, como estaba afeito, na sinagoga... Déronlle o libro do profeta Isaías..., e atopou unha pasaxe que dicía:

O Espírito do Señor está sobre min, porque El foi quen me unxiu, para proclamarlles a Boa Nova aos pobres, Mandoume para lles anunciar a liberación aos secuestrados, e a vista aos cegos, para lles dar liberdade aos asoballados e proclamar un ano de graza do Señor.

Todos os ollos da sinagoga enteira estaban fixos nel. Logo empezoulles a dicir:

-Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura.

(Lc 4,16-21)

- ▶ Le este apartado e selecciona as palabras que expresen mellor o que é o Reino de Deus.
- ▶ Escribe esas palabras neste recadro.

-
-
-
-
-
-
-
-



Memoria esperta

O Reino, a gran obra de Xesús

A Igrexa proclama que o Reino de Deus é a gran obra que Xesús vén realizar a esta terra. Invítanos a comprendelo cada vez mellor e a anunciálo así aos homes.

- ¿Que prometera Deus por medio dos profetas?
- ¿Cal é a mensaxe central da predica-
ción de Xesús?
- ¿Faise presente o Reino de Deus en Xesucristo?
- ¿Que quere dicir a expresión Reino de Deus?
 - A expresión Reino de Deus quere dicir: O señorío que Deus exerce sobre o home e toda a súa creación para enchelo da súa paz, da súa luz, da súa xustiza e da súa felicidade. (ENF p. 138)
 - O Reino de Deus é coma unha gran familia, na que Deus é o Pai e todos os que forman parte dela, son irmáns e irmás de Xesús. (ENF p. 33)

